



RESOLUCIÓN POLA QUE SE FORMULA O INFORME AMBIENTAL ESTRATÉXICO DA MODIFICACIÓN PUNTUAL NÚM.3 DO PLAN PARCIAL DO SECTOR RESIDENCIAL E DEPORTIVO PERBES EN SAN XOÁN DE VILANOVA, NO CONCELLO DE MIÑO

Promotor e órgano substantivo: Concello de Miño
Expediente: 2021AAE2633

O Servizo de Avaliación Ambiental de Plans e Programas, da Subdirección Xeral de Avaliación Ambiental, formulou a proposta que a continuación se transcribe:

ANTECEDENTES

1. O Plan parcial do sector residencial e deportivo Perbes foi aprobado definitivamente polo pleno da Corporación do Concello de Miño o día 23.05.2003. Na memoria do Plan parcial (apartado 1.4) imponse a obriga de constituír unha entidade urbanística de conservación para o mantemento dos espazos libres (zonas verdes) e deportivas.
2. Os estatutos da Entidade Urbanística de Conservación do ámbito definido no Plan Parcial do Sector Residencial e Deportivo Perbes e Vilanova foron aprobados definitivamente por Acordo da Xunta de Goberno Local o 20.12.2013; o prazo de duración da mesma era de cinco anos.
3. O día 14.12.2021 recibíuse na Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático un escrito do Concello de Miño para iniciar a avaliación ambiental estratéxica simplificada da "Modificación puntual nº3 do Plan parcial do sector residencial deportivo Perbes en San Xoán de Vilanova". Achegaba un documento ambiental estratéxico e un borrador do planeamento.
4. O 15.12.2021 esta dirección xeral iniciou un período de consulta pública dos documentos recibidos no portal web para que, no prazo de 30 días hábiles, o público en xeral puidese formular as observacións que considerase oportunas.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS

1. A Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG) e o seu Regulamento integran no procedemento de aprobación dos instrumentos de planeamento urbanístico o proceso de avaliación ambiental estratéxica previsto na Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental.
2. As modificacións de plans parciais deben someterse a avaliación ambiental estratéxica simplificada en virtude do disposto nos artigos 46.2.b) e 83.5 da LSG.
3. De acordo co artigo 75.3.b) da mesma LSG, o órgano ambiental formulará o informe ambiental estratéxico tras consultar ás administracións públicas afectadas e ás persoas interesadas. Se ben, considerando o obxecto do planeamento proposto, non se identificaron administracións públicas afectadas nin persoas interesadas.

A Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático ten atribuídas as funcións en materia de avaliación dos efectos de determinados plans e programas no ambiente (Decreto 42/2019, do 28 de marzo, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda).





CONSIDERACIÓNS TÉCNICAS

1. Características da modificación puntual do Plan parcial

Ámbito de actuación: sector de solo residencial-deportivo Perbes, situado na parroquia de Vilanova (San Xoán).

Obxecto: Segundo o borrador, *o obxectivo da modificación proposta consiste na supresión da entidade urbanística de conservación, co que se pretende eliminar a desigualdade xerada pola obrigatoriedade de manter no ámbito do Plan parcial do sector residencial e deportivo Perbes, San Xoán de Vilanova, os espazos libres (zonas verdes) e deportivos por parte dos veciños da urbanización.* O promotor xustifica a proposta polo feito de tratarse de infraestruturas de uso público que poden ser utilizados por toda a poboación e porque no resto de ámbitos do municipio a obriga de manter os espazos libres e as zonas deportivas é asumida polo Concello.

Proposta: suprimir no apartado 1.4. da memoria do Plan parcial a obriga de constituír unha entidade urbanística de conservación.

2. Características ambientais da área probablemente afectada

O concello de Miño está situado no litoral da provincia da Coruña, na ría de Betanzos. Trátase dun municipio cun elevado interese turístico no período estival.

O ámbito territorial do Plan parcial (158 ha de terreo destinado a uso deportivo e residencial) está xa urbanizado e edificado case na súa totalidade. Consta no documento ambiental estratéxico que dende un principio e ata a actualidade a conservación da urbanización asentada no ámbito foi levada a cabo polo Concello de Miño.

3. Período de consultas previas

O borrador mais o documento ambiental estratéxico da modificación puntual estiveron publicados no portal web desta Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda para que o público en xeral puidese consultalos e facer observacións/suxestións de contido ambiental. Non se recibiu ningún comentario.

Non se consultou a ningún órgano da administración pública nin a público interesado, posto que atendendo ao obxecto do planeamento proposto non se puideron identificar.

4. Efectos ambientais previsibles. Análise segundo os criterios do anexo V da Lei 21/2013 de avaliación ambiental

Con esta modificación do Plan parcial aprobado no ano 2003 preténdese suprimir a obriga para os propietarios dos soares resultantes da execución da urbanización de constituírse en entidade urbanística de conservación.

A modificación non establece un marco para a futura autorización de proxectos nin inflúe noutros plans ou programas de carácter ambiental.

A supresión da entidade urbanística de conservación non terá incidencia ambiental no ámbito de actuación, posto que dende un principio a conservación das zonas verdes e deportivas da urbanización foi asumida polo Concello de Miño e esta situación non





mudará coa modificación proposta do Plan parcial Sendo así, non se agardan efectos ambientais significativos.

PROPOSTA

Tendo en conta o indicado nos apartados anteriores e a análise realizada segundo os criterios do anexo V da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, propoño non someter ao procedemento de avaliación ambiental estratéxica ordinaria a *Modificación puntual nº3 do Plan parcial do sector residencial deportivo Perbes en San Xoán de Vilanova*.

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

María Carmen Paz Cornes
Xefa do Servizo de Avaliación Ambiental
de Plans e Programas

Juan Manuel Camiño Soto
Subdirector xeral de Avaliación Ambiental

De acordo coa proposta anterior, RESOLVO:

Non someter ao procedemento de avaliación ambiental estratéxica ordinaria a "Modificación puntual nº3 do Plan parcial do sector residencial deportivo Perbes en San Xoán de Vilanova", no concello de Miño, xa que non se prevén efectos ambientais significativos.

Esta resolución farase pública no *Diario Oficial de Galicia* e no portal web da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda (<https://cmatv.xunta.gal/busca-por-palabra-clave>) e remitirase ao Concello de Miño.

Segundo o disposto no artigo 35.2.c da Lei 9/2021, do 25 de febreiro, o informe ambiental estratéxico perderá a súa vixencia e cesará na produción dos seus efectos no caso de non aprobar a modificación puntual do Plan parcial no prazo máximo de seis anos dende a súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*. *En todo caso, o órgano ambiental poderá acordar unha prórroga da vixencia do dito informe ambiental estratéxico por outro prazo máximo de dous anos, tras solicitude formulada polo promotor antes do transcurso do prazo sinalado de seis anos.*

Contra esta resolución non procederá recurso algún, sen prexuízo dos que procedan en vía administrativa ou xudicial fronte ao acto, no seu caso, de aprobación do planeamento (artigo 31.5 da Lei 21/2013 de avaliación ambiental).

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

María Sagrario Pérez Castellanos
Directora xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático

